



Letras galegas 2022

Luísa Villalta Gómez

Biografía

Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña no ano 1957. Estudou na Universidade de Santiago de Compostela e alí licenciouse en Filoloxía Hispánica e en Filoloxía Galego-Portuguesa. Dedicou parte da súa vida profesional á docencia da Lingua e Literatura Galegas no ensino secundario. Era tamén titulada superior en violín, ou violino (como ela lle chamaba sempre a este instrumento). Formou parte da Xove Orquestra de Galicia e da Orquestra de Santiago de Compostela.

Foi unha escritora prolífica e versátil, autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas e textos xornalísticos en lingua galega. A súa escrita foi premiada varias veces: no certame de relatos curtos Modesto R. Figueirido (1990), por *A taberna do holandés*; no XIII Premio Espiral Maior (2004), polo seu poemario *En concreto*; postumamente, recibiu o Premio da Crítica Galega á Creación Literaria (2005) tamén por *En concreto*, etc. A súa experiencia musical, sen dúbida, influíu na súa creación literaria. Diso deixou constancia no ensaio *O outro lado da música, a poesía* (1999) e en artigos como *A Música e Nós* (2002), *Poética: Sobre un certo estado de conciencia* (2002) ou *A língua dos sons* (2003), onde fala da relación entre a palabra e a música e da súa experiencia persoal nos momentos de creación.

Paralelamente á súa traxectoria como autora, desenvolveu unha intensa actividade cultural. Participou en seminarios, en recitais de poesía, deu conferencias e colaborou nunha chea de publicacións periódicas, como *Man Común*, *A Nosa Terra*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Tempos Novos*, *Grial*, *Luzes de Galiza*, *Agália*, *Boletín Galego de Literatura*, *A Trabe de Ouro*, *Enclave*, *Página abierta*, etc. En moitas destas colaboracións podemos percibir a personalidade de Luísa Villalta e a súa consciencia social, de modo particular nos artigos publicados entre os anos 2002 e 2004 en *A Nosa Terra*, compilados no *Libro das colunas* (2005). Sensíbel e contundente, puña en evidencia a hipocrisía política, denunciaba os valores e a apatía dunha sociedade ferozmente capitalista ou criticaba os responsábeis dos desarranxos sociais, sempre do lado das persoas máis desfavorecidas e nun ton construtivo. Seguramente foi a súa sede de xustiza, a súa sede de sermos un país avanzado, un país culto, o que a levou a implicarse socialmente: formou parte da directiva da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, coordinou a área de revisión histórica e análise crítica da cultura no Foro da Cultura Galega, participou no Foro Negro, foi membro activo da Mesa pola Normalización Lingüística e comprometeuse en favor dos dereitos lingüísticos do pobo galego. Na súa obra tamén estivo presente a consciencia de ser muller, de vivir nunha sociedade onde os homes e as mulleres están marcados de maneira moi diferente polo feito de selo. Así, equiparou *Isto é poesía, un ruído provocado*. [...] *Isto é tamén unha muller que resiste*, e así, no seu poemario *Papagaio* – entre imaxes tomadas no transcurso da

demolición deste barrio da Coruña coñecido pola prostitución– , os seus textos fálannos da vida das putas, empregando esta palabra sen rubores e con toda a dignidade.

A morte chegou para Luísa Villalta dun modo inesperado, por causa dunha parada cardíaca, o 6 de marzo de 2004. Tiña 46 anos e unha vida chea de ocupacións, proxectos e esperanzas.

Obras

Poesía

- *Música reservada*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 1991.
- *Ruído*. Culleredo (A Coruña): Espiral Maior, 1995.
- *Rota ao interior do ollo*. Lisboa: Tema, 1995.
- *En concreto*. Culleredo (A Coruña): Espiral Maior, 2004.
- *Papagaio*. (Fotografías de Maribel Longueira). Santiago de Compostela: Laiovento, 2006.
- *As palabras ingravidas*. (Ed. de Armando Requeixo). Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 2020.
- *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004)*. (Ed. de Armando Requeixo). Vigo: Galaxia, 2023.

Narrativa

- *Silencio, ensaiamos*. Oleiros (A Coruña): Vía Láctea, 1991.
- *Teoría de xogos*. Santiago de Compostela: Laiovento, 1997.

- *As chaves do tempo*. Vigo: A Nosa Terra, 2001.(Máis obra narrativa súa está incluída en antoloxías colectivas)
- **Teatro**
- «Concerto para un home só», A Coruña, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 76 (1989).
- «O representante. Monólogos I», A Coruña, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 85 (1990).
- «O paseo das esfinxes», A Coruña, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 88 (1991).
- «As certezas de Ofelia», A Coruña: Deputación, *Casahamlet*, 1 (1999).
- «Os dóces anos da guerra», *Revista Galega de Teatro*, Vigo, 29 (2001).
- *Sinfonía de escenas: obra dramática completa de Luísa Villalta*. (Ed. de Alexandrina Fernández Otero e Lino Braxe). A Coruña: Edicións Proscritas e A. C. Alexandre Bóveda, 2018.

Ensaio

- *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral*. Santiago de Compostela: Laiovento, 1992.
- *O outro lado da música, a poesía*. Vigo: A Nosa Terra, 1999.

Xornalismo

- *O libro das columnas*. Vigo: A Nosa Terra, 2005.

Tradución

- PASOLINI, Pier Paolo (1994): *Manifesto por un novo teatro*. A Coruña: Cadernos da Escola Dramática Galega. [Tradución e notas de Luísa Villalta].
- MACCHIAVELLI, Niccolo: *A mandrágora*. Santiago de Compostela: Laiovento, 1998. [Tradución de Luísa Villalta e Francisco Pillado Mayor]



A ESTACIÓN

Onda nós nunca pasan os trens.

só chegan ou parten.

Por iso tamén somos nós

a nosa última estación

o noso amor definitivo.

Así podemos marchar

no único sentido posíbel

ou esperar o avalo dos viaxeiros

para sentirnos expandidos nas miradas extrañas

que chegan arrastrando as bambalinas do mundo.

Onde nós non hai nunca outro destino

que ser un anónimo fin

ou un glorioso comezo.



Máis alá

máis alá somente o mar

e a incertidume da luz

o extremo

o abismo

o espello detido en nós. De *En concreto*, 2004



Certame das letras galegas

Este ano realizamos un concurso literario só poético, para homenaxear ao xénero no que máis destacou a autora das Letras Galegas deste ano. Despois de facer un concurso e selección por aulas e escoller o finalista de cada unha delas, os e as seleccionados e seleccionadas leron as súas creacións diante dun xurado composto por profesorado do centro. Eis aquí o alumnado gañador.

Premio do 1º ciclo da ESO: Bianca Salinas, 1º ESO B

O mar bonito e azul,

O mar bonito e azul,

nel, o reflexo da luz.

A lúa, xigante e brillante,

admirada pola súa beleza

despois do solpor.

A superficie, un espello,

no fondo, un reino.

Hai quen estraga a túa fermosa natureza,

pero hai quen conserva a súa beleza.

Premio do 2º ciclo da ESO: Jorge Valiño, 3º ESO C

Nos acordes da adolescencia, onde as notas se espreguizan,

Nos acordes da adolescencia, onde as notas se espreguizan,

Atópanse os suspiros e as risas, onde as almas se deslizan.

Entre a melodía dos soños e os arrepentimentos,
Debúxase o retrato da xuventude, nos seus anhelos e tormentos.
Nas letras das cancións, atópanse os segredos máis íntimos,
As letras salaian confesións, os acordes falan dos límites.
Nas notas altas e baixas, míranse as emocións atopadas,
A música é o espello onde as almas son reveladas.
Mais tamén nos ritmos que fan bailar o corazón,
Atópanse os escintileos de esperanza e celebración.
Nos concertos, onde as multitudes roxen,
Libérase a enerxía da xuventude, onde os corazóns se mergullan.
Nos festivais, baixo a luz das estrelas,
Atópanse os encontros, as amizades, as pegadas...
A música é o refuxio da adolescencia, a súa voz e a súa guía,
Nos altibaixos da vida, na melodía que irradia.
En cada nota, en cada acorde, atópanse os soños e os medos,
A música é a ponte que une os corazóns, onde a alma se perde ou queda.

Premio de Bacharelato: Noel Pardo, 1º BACH. B

Esperanza

Na terra de Israel a guerra soa
Una loita antiga que non se esquece
Entre a paz e a guerra a vida se enreda

E os corazóns sofren, a esperanza falece.

Nos campos de batalla o sangue derrámase

As vidas perdidas, familias con velorios

Na amarga batalla a vida apágase

Con traumas sen ningún apoio.

Enxergar a tristura nos ollos dos nenos

Que non comprenden a razón do conflito

Os seus risos agora son suspiros serenos

Mentres a guerra semella non ter límite.

Os muros levántanse, as fronteiras marcan

Pero a dor e o sufrimento semellan non ter límites

A esperanza resiste nos corazóns que agardan

Que a paz alporizada algún día os visite.

Premio Adultos-nocturno: Jorge Sueiro, 1º BACH.

Refuxio da alma

Entre recordos e suspiros
Avó, como foi a túa vida?
Sabedoría nas túas engurras
historias que ansío escoitar.

Senta meu cativo
escoita con atención
o eco das follas secas
que susurran esta canción.

Nacín na terra galega
terra verde e serena
onde o atlántico entra na area.

Entre as rías e os montes
esténdese a maxia
da miña terra amada
chea de nostalxia.

As meigas susurran nas noites
caladas
lendas e misterios coa brisa
enredadas.

A súa lúa dourada
reflectida no mar
anima os mariñeiros



saír faenar.

A bruma dun onte difuso
envolve os meus pensamentos,
unha bágoa cae silenciosa
nos instantes de lamentos.

Avó nos teus ollos vexo o pasado
pegadas de tempos xa idos
con teu amor sempre calado
mestre de soños cumpridos.


Na túa mirada encontro calma
remanso de paz e verdade
Avó, nesta vida que me ensinas
es a miña luz na escuridade.

creación

HAIKUS DE 1º E 2º ESO



Diana Da Silva Zerpa, 2º ESO B




Renata Trujillo Suárez, 2º ESO B Xian Couto Viqueira, 1º ESO C



FRASES LAPIDARIAS DE 2º ESO



Pablo José Iglesias González, 2º ESO B



Ángel Faro Ballesteros, 2º ESO C



Noa Sánchez Álvarez, 2º ESO B

Entrevista ao profesor Antonio Giráldez

Mencía, Roi e Alejandro, tres alumnos de 2º BACH. quixeron facerlle unha entrevista ao seu profesor de Historia quen nos deixa en busca de novas aventuras. Aquí podedes ler a interesante conversa que mantiveron:

Roi: Antonio, debido a que te vas xubilar, queríamos facerte unha entrevista. A primeira pregunta é para que nos fales de algo máis relacionado coa túa infancia: onde naciches, algunha anécdota e sobre todo, de onde sae a túa vocación pola historia.

Antonio: Ola bos días, chicos. O que fago no instituto xa o coñecedes, e o que fago fóra do instituto case tamén. Ao mellor o que non sabedes é que eu nacín practicamente aquí dentro, pero antes de que existira. Cruzades a rúa, hai unha cafetaría, ten un rótulo. Enriba da cafetaría nacín eu. Entón eu vin como se construía o edificio. Eu xogaba aquí ao fútbol nun terraplén e dándolle patadas ao balón un día vin que, era o ano 1970 e estaba a construírse unha igrexa curiosa, orixinal, que tiña uns picos de formigón e, na parte baixa do terraplén comezaban a nacer as estruturas dun edificio rectangular que eu non sabía que ía ser o instituto onde eu acabaría dando clase e aínda por riba, onde me ía acabar xubilando.

Co cal, fixédevos que a vida ten unha especie de eterno retorno, como dícían os gregos, non? Naces onde te xubilas ou te xubilas onde naces.

Alejandro: Ben, agora a seguinte pregunta é en relación sobre como descubriches que querías estudar historia ou ser historiador?

Antonio: A verdade é que a min sempre me apaixonaron as matemáticas, sacaba deces en matemáticas. Pero é que tamén os sacaba en historia e en filosofía. E ata o último momento non esfollei a margarida de se facía filosofía ou facía historia. Basicamente consistiu nisto: os meus pais querían que eu fixera dereito, entón eu fun a clases de dereito en Santiago, de asistente, de oínte, pero no que eu me matriculei foi en historia, porque pensei que a historia era o coñecemento que me permitía integrar as outras cousas que eu lía no tempo. E a min isto do tempo sempre me marabillou, porque no tempo cabe a filosofía, a historia da filosofía, no tempo cabe a arte, a historia da arte, no tempo cabe a literatura, a historia da

literatura. E eu quedei verdadeiramente fascinado pola maneira que hai de colocar, como xa sabedes, a sucesión de sucesos sucedidos sucesivamente. E iso onde se aprende? En historia!

Mencía: Sabemos que ademais escribes, es escritor, entón tamén queríamos saber que máis cousas fas, fóra do instituto.

Antonio: Agora que me facedes unha entrevista, lémbreme ao set de radio de 'Onda Cero', incluso en 'Onda Cero' o micrófono ten tamén espuma verde. Pois colaboro dúas veces ao mes nun programa que se chama 'Paixón pola historia', pola historia de Vigo, e é unha forma desenfadada de que a xente coñeza a historia local. E iso lévame á miña segunda gran ocupación. Eu son membro fundador do 'Instituto de Estudos Vigueses' e son neste momento o encargado do foro, que son as actividades que o instituto fai que non son as publicacións, pero que tamén enriquecen porque é unha forma de coñecer, pois imaxinádevos a Ría de Vigo ou o xardín de Castrelos para coñecer a paisaxe, a botánica ou a parte das esculturas. E as conferencias. Cando non dou unha conferencia estou presentando a un conferenciante. Basicamente ese deseño de actividades tócame a min, e encántame, gústame. E logo investigar. Son un ratiño de arquivo, encántame porque os arquivos son como se viaxara no tempo. Entón me atopo cos papeis dialogando de ti a ti con eles. As veces me atopo con cousas marabillosas. Mirade, onte estaba a contarvos cousas do conflito palestino-israelí. Eu teño unha amizade agora mesmo cunha persoa que vive agora mesmo en Xerusalén á que coñecín dunha forma casual tamén polos arquivos. Tratábase dunha familia xudia que se salvou da persecución nazi porque antes de que chegara a orde de evacuación para formar parte dun convoi de tren que acababa nun campo de concentración, escaparon co posto de Países Baixos, ocupados neste caso polos nazis, verdade?, Bélxica, Francia, Pirineos, España, e acabaron en Vigo. En Vigo colleron un barco que os levou á liberdade. Levounos a un lugar chamado Xamaica e nese lugar chamado Xamaica a un campo de refuxiados inglés. Pois eu atopei no arquivo histórico provincial de Pontevedra os datos desa familia, do barco no que se embarcaron, o día no que se embarcaron para chegar a ser libres. E cando esa familia quixo reconstruír o camiño que fixeron os seus pais para salvarse, vpuxéronse en contacto coa persoa que descubriu esa pista. E xuntos facemos un capítulo dun libro que se vai publicar en outubro deste ano. É dicir, investigo e aínda que

fixen unha novela que é unha historia novelada, a verdade que o que máis fixen e escribo sempre son libros de historia. Porque o meu contacto cos arquivos para min dáme vida, resultame imprescindible. E claro, con vinte clases que das á semana, e os arquivos que abren de mañá, non podes. Non podes porque non dá tempo. E neste momento, eu desfruto moitísimo dándovos clase, e volo digo de verdade, de corazón, desfruto moito. Pero tamén desfruto doutras cousas entón, non me dá tempo. Teño unha novela a medias, un libro que hai que presentar, os programas de radio. Teño uns compromisos que quero tamén resolver, e fai falta tempo. E ao tempo haille que dar prioridades, e tempos. Tempos ao tempo.

Roi: Outra pregunta que queríamos facerte é que, se foras un personaxe histórico, cal serías?

Antonio: Ui, que pregunta máis difícil. Porque deses teño colección, verdade? Pero mirade, as veces hai persoas ás que non lles demos moito tempo, volvendo ao tempo, non? Porque morreron antes de que desenvolveran un gran labor. Se tivese que elixir un rei da nosa historia de España, por exemplo, só por dicir un que coñeces, porque estudamos xuntos a historia de España, eu diría sen lugar a dúbidas Carlos III. Por que? Porque adiantou a España niso que se chamaba a Ilustración, que era unha ideoloxía e unha corrente de pensamento que viña de Europa e que aquí practicamente non callou como callou ata chegar ao seu reinado. Pero se dixéramos da historia universal, hai tantos para elixir!

Alejandro: E seguindo un pouco con personaxes históricos tamén. Ademais de cal é o teu favorito, con cal, por exemplo, irías a cear?

Antonio: Con cal cearía? Mira, cear préstase xa á conversación. Xa non é o mesmo que ti penses que esa persoa fixo grandes cousas como que vai darte xogo nunha conversación.

E eu creo que houberon grandes conversadores. Está cerca de nós Juan, profesor de filosofía.

A min fascíneme a conversación que ten un filósofo, a conversación dos filósofos.

A min teríame encantado falar con Kant. Era unha persoa que como ben sabe mellor que ninguén Juan, non viaxaba, pero sabía do mundo. Tiña moitísima información. É incríbel como unha persoa que non viaxa sabe do mundo.

Outro que a min me interesa, porque ademais son verniano, son da Sociedade Verniana de Vigo, son o vicepresidente, é Xulio Verne. Xulio Verne é unha desas persoas que viaxou

moito menos do que escribiu. Non é como Kant, este home non saía de casa como quen di, non? Verne viaxou pouquiño, pero non tanto como coa súa imaxinación. Entón esas persoas que teñen tanto que contar, que teñen tanto que dicir, son as persoas coas que poderías falar. Eu sentaríame nun man a man con Kant e con Verne, por dicir claramente.

Mencía: Pois tamén como levas tantos anos dando clases, hai algunha anécdota que teñas como profe, por exemplo?

Antonio: De profe... A ver, o típico e socorrido é recorrer á antoloxía do disparate das cosas que me contastes. Vou dicir unha cousa, porque fai tempo que mo dixeron. Dixéronme moitos compañeiros: "Mira, tes que escribir un libro cos disparates dos teus alumnos". A min dáme algo de pudor porque no fondo non creo lexítimo rirme de ninguén, e menos de vós. Nunca sería co nome e apelido. Pero é que algunhas cousas que me dixestes partíronme de risa. Entón estiven tentado, e ao mellor aínda o fago, de escribir un libro por capítulos da historia que me contastes. Titularíase así: 'A historia que me contaron os meus alumnos'. Pero con capítulos de historia antiga, medieval, moderna, universal e por temas. Só se me ocorren dúas. Vou dicir dúas, dúas burradas. Na serie dos homínidos, pois temos xa sabedes en Atapuerta un moi coñecido, o *homo antecessor*, pero se tivésemos que recorrer á historia xeral da humanidade vamos ao australopiteco, ao *homo habilis*, ao *homo erectus*... Ata aí ben, non? Burrada no exame: o "homo espectrus". Claro é máis terrible, non? Impresiona máis. Pero logo nunha ocasión un alumno díxome, e este xa é que xa me dobraba eu pola cintura. Falamos de Hitler, falamos do nazismo e nun momento dado pois lle preguntas ao alumno: "Dime unha das ideas coas que te quedaches de Hitler." E me di: Sobre todo, o ben que quería aos agricultores e o ben que pensaba dos agricultores. Eu francamente quedeime volado. Dixen eu: "A ver que entendeu este do que eu dixen ou do que leu no libro. Porque para dicir que o que máis recordaba é o ben que falaba ou quería aos agricultores. Entón xa lle dixen: "Mira, ti por que dis iso, dos agricultores e Hitler?" "Profe, xa o sabes, pola raza agraria!" A raza aria... Non me digades que isto non forma parte da antoloxía do disparate coa que me atopo eu un rato. Porque a veces, a veces, non se comprende o que se le ou lense cousas distintas ao que está escrito. E o peor é que logo o contas nun exame. En fin, diso hai moitas anécdotas.

Roi: Gustaríame preguntar que, se non tiveses sido profesor de historia, que che gustaría ter feito, á parte de escribir libros e a filosofía?

Antonio: O outro día eu mais un compañeiro meu estabamos na lectura de Verne, na lectura de Verne que facemos tódolos anos en febreiro, porque conmemoramos a chegada na ficción a Vigo do 'Nautilus', alá por febreiro de 1868. E eu cando leo en público fago xestos, dramatizo... E o outro día regaláronme, cando me destes un sorpresa sobre outro, un sobre outro, un sobre outro, e estaba xa desbordado, vénme Chus, de plástica, cun caderno con dedicatorias dos profes e na primeira páxina estou nunha foto na que teño unhas patillas de bandoleiro! Unha foto así como moi peculiar. Nese momento eu estaba actuando, estaba actuando no teatro García Barbón. Hoxe chámanlle Abanca, eu sempre lle chamei García Barbón.

E estaba interpretando un personaxe: o gobernador da praza de Vigo, cando Vigo cae ante os franceses e as tropas de Napoleón, nós estamos indefensos, eran un exército superior, nós non temos armas para loitar e el queda cativo, como todos os demais vigueses desa cidade amurallada, feitos reféns polos propios franceses. E a conta, eu escribin un relato da Reconquista de Vigo durante 56 días no periódico 'Faro de Vigo' un día tras outro, facéndome pasar por Juan de Villavicencio, o gobernador militar refén dos franceses, contando con linguaxe do século XIX, vocabulario do século XIX, como vía el a guerra.

Entón quedeime tan fascinado do personaxe que me atrevín a facer un monólogo no García Barbón, en público. Non me saíu mal, entón maquilleime. Meu fillo dicíame: "Papá, pareces un bandoleiro!" E dixen: "Non, bandoleiro non, eu quería ser o capitán de navío retirado, gobernador da praza, pero é que levaba así as patillas". Entón o outro día, cando lía o de Verne, díxome un compañeiro: "É certo que te temos como profe, pero perdeuse un actor". Entón probablemente é algo que tamén se podería facer. Porque ás veces hai moito de actuación, incluso nas clases.

Alejandro: A fin de contas, eu creo que os teus alumnos pódente recordar por certas frases icónicas das túas explicacións, como mencionaches antes, "a sucesión de sucesos sucedidos sucesivamente", ou outras tamén por exemplo, como as "tres tristes crises", tan coñecidas,

ou "os máis moderados dos progresistas e os máis progresistas dos moderados". Esas frases de onde nacen? Da propia creatividade do profesor ou tomas inspiración noutro lado?

Antonio: Aí teño que dicirche o que é certo, que nacen da ocorrencia, ás veces antes de preparar a clase, ás veces ocórrenseme nunha clase, e como sabedes que os profes damos clases do mesmo a varios grupos, pois rentabilízala na clase seguinte. Pero mira, o outro día sen ir máis lonxe estaba no programa de radio de 'Onda Cero': 'Paixón pola historia de Vigo' e preguntoume o periodista: "A ver, dime uns cantos personaxes históricos da Reconquista de Vigo! Algo que che poida chamar a atención para dicirlllo á xente." Pregunteille eu: "Ti queres lembralos despois de que eu cho diga?" "Pois home, si, se mo dis!" "A ver, pois vouche dar unha regra mnemotécnica!" E falei de vós. Dixen: "Aos meus alumnos encántalle que cando se me ocorre lles dea unha regra mnemotécnica porque é a forma na que van recordar algo máis tempo. Se non só funciona a memoria a curto prazo que é memoria de pez". Entón lle dixen: "Lembra tres personaxes que son tres ces e lembra tres personaxes que son tres xotas". Entón o periodista díxome: "Ti es un bromista, non?" A min máis que as tres xotas gústanme as cinco xotas, que é un xamón. En fin, tres ces e tres xotas. A ver, Carolo, vello mariñeiro do Berbés, Cayetano de Parada y Pérez de Limia, alcalde de Bouzas (logo expliqueille unha cousa de cada un, verdade?), Cachamuíña, o que rende a Porta da Gamboa e definitivamente entra cara ao Concello de Vigo. E as tres xotas: Joao Baptista de Almeida (é unha xota, en vez de Joao é Juan), Juan Troncoso, que era o abad do Couto, da Cañiza, que veu con tropa desa zona para rendila, e Juan Rosendo Arias, que era o abad de Valladares, que reuniu a un montón de xente da zona do Fragoso para tamén estreitar o cerco aos franceses. "Entón, lémbtrate de tres ces e tres xotas".

Claro, eses nomes repetímolos varias veces na conversa, pero acabou a entrevista e o periodista sabíao todo. Ocurríuseme sobre a marcha.

Mencía: A ver, aquí querían, en nome un pouco de toda a clase, que teñen intriga por saber se ti serías "team Cánovas" ou "team Sagasta". Non sei se queres responder a iso...

Antonio: A ver eu díxenvos que iso é un sistema baseado nun pacto tras unha gran farsa. Entón Cánovas o que pretendeu era dar unha garantía á monarquía de que sería estable. Despois dun tempo de república, cos republicanos divididos, era moi difícil que volvera un

rei a ser como foi a nai dese rei, é dicir unha raíña complicada, unha raíña cómplice cos moderados, non? Non era posible esa complicidade porque os progresistas ían saltar noutro pronunciamento. Entón el pretendeu gañar a estabilidade. Nesa estabilidade serviu para el o modelo inglés de dous partidos. Pero claro, o modelo inglés de dous partidos baséase nunhas eleccións xustas, onde os resultados do pobo convértense en escaños dun parlamento, e non ao revés, os escaños do parlamento convértense nos resultados que debe votar o pobo. Entón eu sentíndoo moito, pois non me gusta nin un nin outro, porque creo que o sistema baséase nunha farsa. E é mellor que a moralidade teña moito que ver coa política e non ao contrario.

Roi: A min gustaríame saber, xa que das Historia de España e Historia do Mundo Contemporáneo, cal das dúas che gusta máis?

Antonio: As dúas, e gústame toda a historia. A min gústame toda a historia. Mirade, hai un proxecto que teño cunhas persoas ás que lle din clase na universidade de maiores, que é outra xente moi especial, moi especial, non? Xente que acabou a vida laboral e queren seguir sabendo máis cousas que as que lles tiñan contado ata entón e as que tiveron oportunidade de aprender. E dixéronme: “Contáchesnos historia de Galicia, desde a prehistoria até a contemporánea e cultura galega”. Pero agora querían historia do mundo, desde a prehistoria. Entón estou agora nese proxecto, nunha serie de conferencias que imos dar para xente interesada, desde a prehistoria até a caída dos países comunistas, a caída do muro de Berlín e o mundo que deixa de ser bipolar para ser pois practicamente dunha soa cor. E atópome con que me gusta todo. Non me dá noxo nada. Se me custou traballo elixir se filosofía ou historia, literatura ou dereito. Eu lémbrome que no primeiro ano de carreira

linme todos os libros que entraban en literatura española, en Filoloxía Española. O que estaban a facer os meus colegas cos que tiña trato, lino todos. E os de filosofía tamén. E os de dereito, só o de dereito romano. Logo saíume en Roma, no exame de Roma, dereito romano e o profesor falou conmigo e díxome: “Ti de onde sacaches toda esta información? Se non se contou en clase.” “Ah é que eu fago unha clase de dereito, e tal.” Se me custaba traballo elixir, imaxinádevos na historia que me gusta a min. Síntoo, non podoo elixir.

Alejandro: E xa finalmente, por exemplo se ti lle dixeras a calquera persoa... Ou sexa, cal é o argumento dun profesor de historia para considerar importante e esencial a propia materia?

Antonio: Para un profesor ou para un alumno?

Alejandro: Quizais se puideses dicir de ambos.

Antonio: Mirade para un alumno, eu creo, porque eu fun alumno, agora son profesor e sigo sendo alumno porque aprendo todos os días. Para un alumno eu creo que a historia vaille permitir integrar tódalas cousas. É a razón pola que eu a escollin. É dicir, se sabes historia deberías saber incluír nese ‘pack’ o que sabes de literatura, o que sabes de filosofía, o que sabes de arte, o que sabes de economía. Eu fixen por exemplo na carreira unha optativa que era historia económica. Encántame a historia económica, encántame. É unha das razóns polas que ao final a especialidade e a tese de licenciatura a fixen sobre contemporánea, foi porque tiña unha formación de economía. Que fun á facultade de económicas para obter esa formación.

Entón eu para un alumno diríalle que cando aprendedes algo, debes rentabilizar o aprendizaxe e extrapolar o dunha materia á outra. E a historia para todo o coñecemento de humanidades é útil. E ata para o de ciencias. Eu lévome moi ben con compañeiros meus de física ou de matemáticas que lles gusta a historia da ciencia. Tiña unha compañeira de física coa que coincidíamos en clases de historia da física e ela tiña unha formación científica que eu non teño e eu coa de historiador.

E para un profesor, que hai que facer na vida o que máis che guste, se podes. E se iso non che dá, digamos, o soldo, polo menos facelo no teu tempo libre e eu creo que iso debe formar parte do voso tempo libre.

Mencía: Pois ao non haberen máis preguntas, non sei se nos queres contar algunha cousa máis.

Antonio: Pois que vos quero moito, iso é evidente. Que o pasei en grande dando clase, sempre. E neste curso, tamén. E lévome un recordo que vai durar moito, porque vai quedar na memoria e no corazón.


Mencía: Pois moitísimas grazas polas túas clases, foron as mellores, e moita sorte agora cos teus novos proxectos.

Antonio: Moitas grazas e a vós sorte tamén, neste curso e no que vén despois.


Alejandro: Moitas grazas!




Creación II



Ainhoa Lamas Lamas, de 4º ESO B



Nerea Bouzo, de 4º ESO B



Abiel David, de 4º ESO B



Anxo Ferro, de 4º ESO A

Algunhas actividades da Biblioteca

Un ano máis desde a Biblioteca Ramiro Fonte intentamos convocar o alumnado e o profesorado para realizar tarefas arredor da lectura e a escritura.

Este curso estreamos ex libris, selo novo para os libros e tamén un equipo de traballo reforzado: ademais de Ramón Nicolás e quen isto escribe (Sara Alonso), contamos coa inestimable axuda de Suso Martínez Abalo, hábil enxeñeiro que nos abriu moitos camiños polo programa informático de xestión da biblioteca e guiou o alumnado con tino polo camiño correcto da busca de información, e de Cándido Paniagua Pousa, vicedirector que traballou arreo no feliz desenvolvemento de moitas das actividades que sen el non poderían chegar a termo.

Convocatorias fixemos, do éxito obtido falarán os que sentiron a chamada e participaron. Foron, é certo, bastantes as actividades que desenvolvemos, desde setembro.



En primeiro lugar, a Hora de Ler, sempre coa intención de que alguén enganche neste mundo tan rico que abre a lectura, por veces arredor dun feito ou dunha figura destacada, como cando propuxemos ler un texto sobre violencia machista polo 25N, asuntos relacionados coa

ciencia no mes de novembro, un relato de Castelao canda o seu aniversario, textos de amor por San Valentín, liberar poemas no Día da Poesía, textos de Luísa Villalta na semana das Letras Galegas e un longo etcétera.

Houbo máis de quince sesións de **lecturas compartidas na biblioteca** de temáticas diferentes: de misterio e terror no tempo do Samaín, de inverno no Nadal, de poesía ou teatro nos Días respectivos, arredor de Cervantes no Día do Libro ou de Jules Verne cando se celebra o seu aniversario...



Tamén houbo concursos para incentivar a **escritura**: un de microrrelatos polo Nadal, outro de haikus ilustrados para festexar a chegada da primavera e o derradeiro, de relatos construídos con títulos de libros.

Propuxemos para a súa observación **exposicións de libros**, temáticas (mulleres escritoras, a muller na ciencia, a violencia machista, banda deseñada, amor, poesía, teatro, matemáticas...) ou de autores (Castelao, Carlos Casares, Cervantes, Luísa Villalta...), que sempre aguilloan a curiosidade de alguén que logo acode á biblioteca buscar un deses exemplares. Igualmente recomendamos títulos para pedir ou mercar no Nadal:



E desde comezo de curso, tal como propuxemos no primeiro claustro, mantivemos acesa a chama dun proxecto encamiñado a promover a escritura, o traballo de investigación, a lectura... que foi Escribir con arte. As colaboracións foron moitas, variadas e moi interesantes, como puidemos ir vendo a medida que as entregaron e se foron publicando: desde traballos sobre o compromiso do artista co mundo no que vive, coa paz e contra a guerra, por exemplo, ata a descrición de certos obxectos artísticos (os bodegóns) ou a narración desde puntos de vista curiosamente subxectivos, por parte dos propios personaxes deses cadros, do que neles está plasmado. Tamén houbo espazo para outras linguas, con descrições en inglés e mesmo para a presenza doutros alfabetos (árabe, cirílico, coreano, grego...), con motivo da celebración do Día Internacional da Diversidade Cultural, así como para as matemáticas, coa presenza e o traballo sobre cadros de Escher.



Todas as actividades foron espalladas a través da páxina web e tamén das redes sociais, polo que pensamos que a difusión que se acadou este ano foi realmente grande. A biblioteca foi, desde logo, moi visitada e o novo mobiliario co que contamos desde finais de outubro, un sofá e dúas butacas, para conseguir crear un recuncho agradable para ler dentro dela, foi sen dúbida moi cobizado. Nese recuncho foi onde celebramos os encontros do club de lectura "A pé de obra", tanto o de alumnado como o de adultos, que neste curso despregaron, por certo, unha intensa actividade que agardamos continuar para o próximo.



Boas vacacións!

Entrevista a Paula Carballeira

Entrevistadoras: Aitana Avendaño Jiménez e Candela Castro Simón de 1Bach-E

Benvi@s ao podcast hoxe temos con nós a Paula Carballeira gañadora do Premio Nacional de Literatura Dramática 2023 co libro *As alumnas* e imos facerlle unhas preguntas:

Aitana: que che inspirou a escribir *As alumnas*?

Paula: inspiroume o tema que me propuxeron, propuxéronme escribir algo sobre a muller no franquismo e entón empecei a pensar que sería máis interesante ir un pouquiño máis atrás, como era a situación da muller naquela época e de onde viña, entón por iso pensei nun centro de ensino nunha profesora como María Barbeito que non só era mestra senón que tamén daba clases a futuras mestras e que as protagonistas fosen as alumnas desa muller, de aí xurdiu toda a idea.

Candela: senón foses escritora ou narradora a que te dedicarías?

Paula: eu de pequena quería ser astronauta, pero quería selo con consciencia, pero xa despois me fun desenganando, eu supoño que me dedicaría hoxe por hoxe a algo artístico, se non fose a literatura, pois se cadra a música que non son moi dotada para iso pero se tivese que facer un cambio de vida ou algo artístico seguramente.

Aitana: agora mesmo están surxindo moitos mozos e mozas que están comezando a escribir, que consello lle darías para as súas obras ou para que sigan querendo crear máis?

Paula: que non se desanimen porque este é un mundo moi estraño e máis en algo relacionado coa cultura, coa literatura, é moi inestable entón ás veces a maneira de que saiban que existes e de que a xente lea as túas obras é presentándose a un concurso, porque se o gañas ás veces publícanche o libro e moitas veces pois a xente sabe de ti esa é a maneira máis rápida, pero se non o consegues, non te desanimas nunca ti segue intentando, hai outras maneiras, agora tamén están as redes sociais, tamén podes publicar doutros xeitos, segue adiante, e se vas escribir teatro, fai teatro dalgún xeito, vai a algún curso de teatro coñece un pouco como é o teatro para poder escribilo.

Candela: Cales son os autores/as e libros que máis influíron na túa carreira como escritora?

Paula: Hai moitos porque a min gústanme moitos os de misterio e terror, entón antes de centrarme en iso hai un autor de literatura infantil / xuvenil que se chama Ende, autor da *Historia Interminable* que me gustou moitísimo e me marcou moito, e tamén hai un autor de aquí de Vigo, Ferrín que tamén me gustou moito. E logo xa algunhas mulleres que dixeron, aí que guai que unha muller escriba estas cousas, pois hai unha autora de relatos de terror que se chama Shirley Jackson, que a descubrín tarde pero tamén me marcou moito.

Aitana: Cando vas escribir una nova obra, tes unha rutina, segues sempre os mesmos pasos ou como fas?

Paula: Pois mira, o único que se vou escribir unha obra de narrativa longa, necesito moito tempo, entón normalmente escribo no verán, e son unha persoa bastante caótica, non me

poño unha hora diante do ordenador a escribir, non, póño-me diante do ordenador, pero éntrame a fame vou buscar un bocadillo, dou un paseo... , o único que necesito e que non haxa silencio absoluto, eu non soporto o silencio absoluto, entón ás veces gústame escribir en cafeterías por exemplo, que haxa barullo de fondo, esa é a única cousiña que teño eu como manía.


Candela: E xa para rematar a última pregunta, que aprendizaxes do mundo da interpretación aplicas no teu traballo literario?


Paula: Moitos, porque o feito de ser actriz dáche tamén moitas pautas á hora de escribir para poñerlle o traballo fácil as actrices ou actores que vaian facer o teu texto entón si que intento que o texto teña un certo ritmo, o ritmo para min é moi importante, que sexan textos fáciles de memorizar ou de interiorizar de facer teus os textos, entón eu coma actriz meténdome moi presente para logo escribir os textos e tamén a posta en escena. Intento que sexan obras non moi difíciles de levar a escena, poñer todas as facilidades posibles pola miña parte.




Aitana e Candela: Moitas grazas.

Banda deseñada







Creación III

COMPOSICIÓN SOBRE UN VERSO DE ISMAEL RAMOS

“ Avanzar e seguir avanzando ata quedar sen unllas”

Avanzar é arriscarme; insistir sin ter a certeza de que o que faga terá resultado. Avanzar é seguir estudando aínda a sabendas de que non me vai dar tempo de estudalo todo para o exame, e cando non teño forzas para seguir e aínda así esfórzome para chegar ó meu obxectivo. Consiste en facer iso que tanto me custa, porque é a única forma de conseguilo, porque no momento que sinto que non podo máis, volvo a poñer o temporizador do mobil e abro a aula virtual de matemáticas e cún esbozo aferrome a esperanza de que todo pasa coa incertidume de se todo o esforzo será en van, e aínda que fora así, eu sigo avanzando.

Iria Rodríguez, de 2º BACH.

Crítica teatral

O día cinco de marzo realizamos unha actividade didáctica que consistía en ir ver unha obra de teatro á sala Ártika, no Berbes.

Titulábase *Monstros* e trataba de catro nenos, situados ao carón dun tendal, tres dos cales moi amigos, que xogaban xuntos unicamente cos obxectos que tiñan preto deles e, sobre todo, coa súa imaxinación. Catro personalidades, catro puntos de vista que todos nos temos, enfróntanse a unha arrepiante (ou non) aventura que, na miña opinión, atópase nun bordo que fai dubidar entre o que é real e a mera fantasía.

Chamoume a atención que en toda a representación non precisaran máis que un tendal, tres caixas e unhas sabas no escenario. Un dos actores, cando non actuaba como o seu personaxe, encargábase dos personaxes secundarios e dos efectos de son, utilizando diversos instrumentos e unha caixa de son, ubicada tamén no escenario, algo apartada. O personaxe ao que interpretaba non era como os outros tres nenos. Levaba uns cascos illadores de son e tiña unha maneira de ver as cousas e pensar distinta dos seus compañeiros e descoñecida para nós xa que non falaba, non escoitaba e evadíase do que lle arroteaba. Representa a alguén que vai tras o seu grupo, sen cuestionar o que fan, aínda que se comporta de maneira independente.

Que esta obra demostrara que non hai monstros se non os vemos, sempre dende un punto de vista humorístico paréceme unha moi boa razón para recomendala a un público infantil, xuvenil e incluso adulto.

Jimena López Souto, 1º ESO C.

Regueifas combativas no IES Castelao

Nós somos do Castelao
hoxe imos regueifar,
dun tema moi delicado
que nos ten que preocupar.

Un barco cheo de pellets
navegaba en Portugal.

Un golpe de mar moi forte
e a carga foi o mar.

Esta carga envelenada
como mar non ten cancelas,
foi contaminando as augas
das azuis costas galegas.

Fun buscar pellets a praia
e ningún eu encontraba.

Só podía ver area
iso non me preocupaba.

Ti non estás concienciado
e mais nisto deberías,
porque nos afecta a tod@s

pellets haiche noite e día.

Vós sodes esaxerad@s
eses pellets non se ven.

As praias están moi limpas,
que o din os do PP.

Para dicir esas cousas,
vaite de voluntariado.

Moitas mans son necesarias
pra facer ese traballo.

Hai quen pensa coma eles
que Galiza non importa,
que os montes non se queiman
e que están limpas as costas.

Se xunt@s tod@s loitamos
esta terra imos salvar.

Os problemas ambientais
non nos van a superar.

A nevarada

Obra: A nevarada, 1972. M^aVictoria de la fuente.

Escollín este cadro porque chamáronme a atención, sobre todo, os tons deste bodegón, semellando que a persoa que está observando a pintura o fai tras un cristal de cor ambar, e a diferenza de moitas das obras desta pintora, de mesmo estilo, transmite una sensación fría e de soidade, illamento e protección. Pódese ver unha tormenta a través dunha ampla ventá arrodeando a parte superior dos tellados e chemineas cubertos de neve como consecuencia deste fenómeno. Ademais disto, no interior do cuarto, diante da ventá, pódese ver una única mesa co que parecen ser xerras con flores e pequenas plantas, tarros e bidóns representados dunha maneira bastante realista.



Atopábame na miña cociña, pola mañá dun monótono, aínda que tormentoso día de inverno. Cambiara de vivenda había pouco, polo que cada cuarto da miña morada estaba tan baleiro como as beirarrúas da inmensa cidade onde nese momento vivía.

Mentres almorzaba non me custou fixarme na nevarada que estaba a cubrir todos os edificios e establecementos dunha espesa capa de neve e xeo que incitaba a quedar na casa. A tormenta fíxose cada vez máis forte e grande ata o punto no que os lóstregos cegaban e semellaba que os tronos facían tremer o meu edificio de arriba a baixo. Pareceume ver, a través da miña ventá, que as enormes construcións no exterior comezaban a derrubarse, como se estivesen a fundir. Cada una delas, bloque a bloque, ían desaparecendo pouco a pouco. Todo agás a miña cociña mudou, como si o tempo retrocedera caoticamente. Non, non era posible. Ou si?

Jimena López Souto, 1º ESO C

O legado de Simone de Beauvoir

Simone de Beauvoir foi unha filósofa francesa (Paris 1908-1986) Estudou filosofía na universidade da Sorbona, onde rematou os seus estudos en 1929.

A súa contribución ao feminismo é profunda e duradeira. O seu traballo máis influente é: *O segundo sexo*. Esta obra é considerada como unha das máis importantes do feminismo moderno. Nela Beauvoir examina en detalle a posición da muller na sociedade, analizando as estruturas patriarcais que relegan á muller a un estado de inferioridade e subordinación aos homes. Un dos conceptos fundamentais é o de *outridade*. As mulleres teñen sido consideradas historicamente como a *outra* con respecto ao home, definidas dende esta perspectiva e subordinadas en todos os aspectos da vida social. Este concepto resalta como

as mulleres teñen sido marxinadas e excluídas da plena igualdade e recoñecemento na sociedade.

O seu enfoque existencialista e o seu énfase na liberdade e responsabilidade individuais resoarán no feminismo, que recollerá o seu chamado a emancipación das mulleres mediante un exercicio de liberdade e loita pola igualdade de dereitos. É destacable a súa ética centrada na liberdade, onde a autenticidade nas eleccións e a responsabilidade cara aos demais son piares fundamentais nun contexto de liberdade radical.

(Extractos do traballo de Historia da Filosofía de **Antía Domínguez, 2º Bac. B)**

O latín segue vivo

Todos escoitamos definir o latín como unha lingua morta. Eu quero defender que o velliño latín aínda respira entre nós. Seguramente, a priori, moitas persoas non son conscientes do que saben desta lingua, pero de facto, escóitana e utilízana con frecuencia. Cando falamos de *currículum vitae*, *dúplex*, *referéndum*, *álbum*, *júnior*, *ídem*, ou mesmo cando pechamos unha lista como a anterior cun *etcétera*, estamos empregando esas verbas como o faría o propio Cicerón.

Rodéannos moitos máis latinismos dos que pensamos, xa que é unha das linguas de referencia da ciencia e da literatura e foino durante séculos. Por exemplo, cando discutimos de economía falamos con naturalidade do *déficit*, do *superávit* ou da renda *per cápita*. Cando queremos darlle unha alegría a alguén que vemos un pouco estresado, agasallámolo cunha estancia nun *spa* (*salus per aquam*). En ciencia fálase de fecundación *in vitro*. Os avogados seguen empregando termos como *hábeas corpus*, *in dubio pro reo* ou *de iure*. En materia de arte e música falamos da *opera prima* dun autor, comentamos que unha melodía vai *in crescendo* e pódese interpretar *ad libitum* e se nos gustou, pedimos un *bis* nun concerto. Aínda hoxe se estudan os tópicos literarios ou lugares comúns como son *carpe diem*, *tempus fugit* ou *locus amoenus*. **Adolfo Fernández, 2º BACH. B Adultos**

Orlas do alumnado de 4º ESO

4º ESO A




4º ESO B



4º ESO C



4º ESO D



Índice

Letras Galegas 2024	2
Certame Letras Galegas	7
Creación	13
Frases Lapidarias	14
Entrevista ao profesor Antonio Giráldez	16
Creación II	25
Algunhas actividades da biblioteca	27
Entrevista a Paula Carballeira	31
Banda deseñada	34
Creación III	36
Orlas 4º ESO	42
Agradecementos	45




Agradecementos

Como coordinadora do EDL do IES Castelao quero agradecer a todas as persoas que colaboraron para que esta revista fose posible. Ás persoas que achegaron textos, imaxes, debuxos, ideas, actividades que mostrar, en fin, ás que fixeron posible un ano máis que se fíxese realidade. Esta é unha labor de equipo e sen vós nada ten sentido. Grazas alumnado e compañeiras e compañeiros.

Até o próximo ano !

A coordinadora do EDL





READ LEAD

